

Á atención das delegadas do alumnado do centro,

A organización estudiantil Erguer. Estudantes da Galiza convoca unha folga estudiantil, en todos os niveis educativos, para o vindeiro mércores 2 de Outubro. Baixo o lema “O estudantado polo dereito á vivenda”.

Nos últimos anos, **o prezo da vivenda sufriu un forte ascenso en Galiza, agravando a situación do estudantado.** Esta crise da vivenda favorece o empobrecemento das clases populares, dificulta aínda máis o acceso ao ensino superior e condiciona o futuro das estudantes.

Esta crise atopa a súa principal causa no capitalismo neoliberal, un sistema económico que subordina o dereito fundamental á vivenda, considerando esta como unha mercadoría máis.

Fronte a esta situación, os gobernos non buscar solucións senón que defenden o uso da vivenda como ben de mercado. Neste contexto destaca a forte turistificación do noso país, que conta co apoio da Xunta de Galiza. Este fenómeno provoca a diminución aínda máis intensificada da oferta de vivendas, deixando para as estudantes aquelas en peores condicións e afastadas dos centros urbanos.

Así mesmo, destaca tamén a falta de políticas públicas en materia de vivenda. Así, o completo abandono das residencias públicas por parte do goberno galego: desde hai trinta anos non hai proxectos de novas residencias públicas nin de ampliación de prazas no noso país, deixando a milleiros de estudantes fóra.

Este 2 de Outubro facemos folga e saímos ás rúas para defender o dereito á vivenda para o estudantado galego. Son 3 as proclamas coas que saímos ás rúas das 7 cidades galegas:

- **Reclamamos aumentar o número de prazas en residencias públicas,** rehabilitando infraestruturas e creando outras novas. Do mesmo xeito, rexeitamos o modelo de residencias concertadas, que non resoven o problema e seguen a concebir a vivenda como un negocio.
- **Esiximos o desenvolvemento dunha bolsa de vivenda pública** en réxime de aluguer **destinada ao estudantado,** constituída a través da compra, rehabilitación e construción de inmóbeis nos centros urbanos das sete cidades galegas. As vivendas ofreceranse a prezos populares e en función da renda das estudantes.
- Demandamos ao goberno galego unha **regulación dos prezos do alugueiro** para controlar a suba descontrolada, empregando para iso todas as ferramentas xurídicas e fiscais dispoñibles. Reclamamos políticas activas que freen a especulación e garantan o acceso a unha vivenda digna.

Convidamos ás alumnas do centro a participar desta xornada de folga, para a que Erguer fica á vosa enteira disposición se considerades organizar calquera tipo de asemblea ou charla informativa. Así como animamos ao estudantado das zonas rurais do

erguergaliza@gmail.com
www.erguer.gal



país, que non poida desprezarae ás cidades, a organizar concentracións diante dos seus centros. Para isto tamén podemos botarmos unha man.

Para calquera trámite, dúbida ou cuestión, o correo electrónico da organización é **erguergaliza@gmail.com**. Tamén podes contactar con nós vía redes sociais, atoparédesnos co nome **@erguergaliza** (Instagram, Twitter e Facebook).

Un saúdo cordial,
O Consello Nacional de Erguer. Estudiantes da Galiza.

Viva a loita do estudiantado galego!